



AMPLIACIÓN DO PRAZO DE SOLICITUDES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS Á INVESTIGACIÓN 2024 E SUBSANACION DE OMISIÓN

ANTECEDENTES:

A convocatoria de Axudas á Investigación 2024 foi aprobada pola Comisión de Investigación na súa reunión de data 25 de xaneiro, pero non foi posible a súa publicación no Taboleiro da Sede Electrónica da UDC ata o día 29/02/2024. Na convocatoria establecése como fin de prazo de solicitudes o día 15 de marzo de 2024.

A Comisión de Investigación na súa reunión de data 07/03/2024 acordou ampliar o prazo de solicitudes ata o día 22 de marzo de 2024 para todas as modalidades, excepto a acción Apoio á Atracción de Talento, que ten un prazo específico.

Por outra banda, advertida omisión no texto da modalidade “4. Estadías posdoutorais de investigación”, insértase de seguido o texto completo da convocatoria.

A Coruña, 11 de marzo de 2024

AXUDAS Á INVESTIGACIÓN 2024

A Universidade da Coruña convoca axudas á investigación para o ano 2024. Estas axudas serán avaliadas de xeito competitivo e concederanse en función das dispoñibilidades económicas das partidas orzamentarias. As axudas imputaranse ás partidas que se indican no seguinte cadro, dotadas axeitadamente para este fin nos orzamentos da UDC para o ano 2024.

Accións	Partida	Dotación
Visitas/encontros de investigadores	05.0A 541A 649.00	10.000€
Congresos/xornadas de investigación	05.0A 541A 649.00	25.000€
Participación en convocatorias internacionais	05.0A 541A 649.00	5.000€
Estadías posdoutorais de investigación	05.0A 541A 481.01	90.000€
Compensación de gastos asociados á tramitación de patentes	05.0A 541A 649.00	5.000€
Apoio á atracción de talento	05.0A 541A 649.00	5.000€

Os créditos poderán redistribuírse entre as diferentes accións cando o número de solicitudes presentadas e avaliadas favorablemente así o permitan.

Esta convocatoria aprobouse na reunión da Comisión de Investigación do 25 de xaneiro de 2024 e comprende as seguintes clases de axudas:

1. Visitas e encontros de investigadores
2. Organización de congresos e xornadas de investigación
3. Intensificación da participación en convocatorias internacionais.
4. Estadías posdoutorais de investigación
5. Compensación de gastos asociados á tramitación de patentes
6. Apoio á atracción de talento

NORMAS XERAIS PARA TODAS AS ACCIÓNS

CARACTERÍSTICAS DOS SOLICITANTES (EXCEPTO APOIO Á CAPTACIÓN DE TALENTO):

- Deben ser membros en servizo activo do PDI da UDC, que presten os seus servizos na UDC no momento de resolverse a convocatoria e tamén durante todo o período de execución da actividade para a que se solicita a axuda.
- Deben figurar no Catálogo de Investigación da UDC, agás se actúan en representación dun órgano colexiado, naquelas accións que así o permitan.
- Deben terse presentado á convocatoria 2022 de avaliación plurianual dos grupos, unidades e investigadores do catálogo da UDC.
- Para proceder ao pagamento, a persoa solicitante debe estar ao corrente coa UDC no cumprimento das obrigas contraídas con ocasión de axudas ou anticipos concedidos.

FORMALIZACIÓN, PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES:

Para a formalización das solicitudes empregaranse obrigatoriamente os formularios dispostos para tal fin en cada acción, anexados a esta convocatoria. As solicitudes, dirixidas ao Vicerreitor de Investigación e Transferencia, poderanse presentar unicamente a través do Rexistro Electrónico da UDC (https://sede.udc.gal/services/telematic_register). O prazo para presentar as solicitudes finaliza o día 15 de marzo de 2024, excepto a acción Apoio á Atracción de Talento, que ten un prazo específico.

PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

O tratamento dos datos persoais necesarios para a xestión das axudas que se indican nesta convocatoria rexeráse polo disposto na [Normativa de protección de datos da UDC, aprobada no Consello de Goberno do 23 de xullo de 2019](#).

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude nos taboleiros físicos da UDC e dentro do Taboleiro Oficial da Sede Electrónica da UDC, na forma prevista na disposición adicional sétima da Lei orgánica 3/2018, de protección de datos persoais. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada nos citados taboleiros durante 1 ano.

Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa finalidade indicada nesta convocatoria. Unha vez finalizada a relación de prestación do servizo, os datos serán bloqueados e permanecerán almacenados durante 6 anos, sen prexuízo da posibilidade de exercer en calquera momento o dereito de solicitar a supresión dos datos.

A persoa interesada consente o tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a lle solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a se opoñer ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Estes dereitos poderaos exercer mediante unha solicitude remitida ao seguinte enderezo: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, R/Mestranza 9, 15001 A Coruña ou ao correo electrónico secretariaxeral@udc.gal, coa referencia «Protección de datos», a través dun escrito asinado para tal efecto, ao que se lle xuntará a fotocopia do seu DNI. Igualmente poderá dirixir esta solicitude directamente ao Delegado de Protección de Datos, ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal. Así mesmo, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

RESOLUCIÓNS E ALEGACIÓNS:

Os anuncios relativos a esta convocatoria publicaranse no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC (TEO). A correspondente documentación poderá consultarse tamén na sección de convocatorias da páxina web da Vicerreitoría de Investigación e Transferencia:

https://www.udc.es/gl/investigacion/convocatorias_udc/

Todos os prazos se iniciarán ao día seguinte da correspondente publicación na Sede. Toda a documentación que nun momento ou outro se precise ou se estime oportuno achegar deberá presentarse obrigatoriamente polo Rexistro Electrónico da UDC.

As resolucións provisionais de concesión das axudas publicaranse no TEO

Contra a resolución provisional de concesión, as persoas interesadas poderán formular as súas alegacións e emendar os defectos na súa solicitude no prazo de dez días hábiles. Unha vez transcorrido este prazo e analizadas, se for o caso, as alegacións pola Comisión de Investigación, publicarase a resolución definitiva de

concesión.

A Comisión de Investigación, delegada do Consello de Goberno, resolverá todas as incidencias que xurdiren na aplicación desta convocatoria. As competencias e composición desta comisión detállanse en:

https://www.udc.es/gl/goberno/organos_coexiados_e_estatutarios/consello_goberno/comisions_estables/index.html

ANEXOS:

Anexo I: Desenvolvemento de cada unha das accións

Anexo II: Formularios

Anexo III: Contías máximas das estadias

Anexo IV: Contías máximas dos desprazamentos

Anexo V: Organización de congresos e xornadas de investigación. Tipos de actividades

Para máis información: Servizo de Investigación, Sección de Xestión de Convocatorias e Axudas a Investigadores. Teléfonos: 881 015 762 e 881 015 765, Correo electrónico: axudasudc@udc.gal

A Coruña, na data da sinatura dixital

Jerónimo Puertas Agudo
Vicerreitor de Investigación
e Transferencia

ANEXO I

DESENVOLVEMENTO DE CADA UNHA DAS ACCIÓNS

1. VISITAS E ENCONTROS DE INVESTIGADORES
2. ORGANIZACIÓN DE CONGRESOS E XORNADAS DE INVESTIGACIÓN
3. INTENSIFICACIÓN DA PARTICIPACIÓN EN CONVOCATORIAS INTERNACIONAIS
4. ESTADÍAS POSDOUTORAIS DE INVESTIGACIÓN
5. COMPENSACIÓN DE GASTOS ASOCIADOS Á TRAMITACIÓN DE PATENTES
6. APOIO Á ATRACCIÓN DE TALENTO

1. VISITAS E ENCONTROS DE INVESTIGADORES

OBXECTIVOS DO PROGRAMA

- Facilitar e promover as reunións de traballo e de debate na UDC, durante o ano 2024, con investigadores que estean a dirixir traballos análogos noutros centros de investigación, preferentemente estranxeiros, co obxecto de que dean lugar, a curto prazo, a publicacións conxuntas e/ou colaboracións.
- Financiar parcialmente a visita de investigadores de sona internacional que poidan pronunciar conferencias en temas da súa especialidade e discutir, cos membros da UDC que os convidan, os aspectos de interese en relación coa investigación que desenvolven.

O programa do encontro/visita deberá ter unha duración mínima de dous días consecutivos e máxima de cinco. As actividades que se realicen deberán ser constatables e contar cun programa de traballo detallado.

SOLICITANTES

Os/as investigadores/as da UDC que, de xeito individual ou en grupo ou unidade, cumpran os seguintes requisitos particulares:

- Que na data de presentación da solicitude, cando menos, un deles estea a realizar ou finalizase nos dous últimos anos naturais un proxecto de investigación, ou de transferencia de tecnoloxía, ou axuda de consolidación subvencionado polas administracións públicas internacionais, nacionais ou autonómicas, a través de convocatorias públicas competitivas. Tamén se admitirán as solicitudes de grupos ou unidades que, aínda que non cumpran o anterior, xustifiquen que a reunión proposta se alia coas recomendacións feitas pola AEI no seu informe de avaliación do grupo e que contribúe a mellorar os puntos débiles sinalados no informe.
- Que se comprometan a presentar solicitude no ano 2024 en convocatorias públicas externas, con análoga finalidade.
- Nesta convocatoria un mesmo membro do PDI só poderá participar nunha solicitude e non poderá haber máis dunha solicitude que implique a membros dun mesmo grupo ou unidade.

FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes dirixiranse ao Vicerreitor de Investigación e Transferencia mediante a presentación da seguinte documentación:

- Breve currículo, centrado nos últimos cinco anos, dos investigadores visitantes que participarán no encontro/visita. Atenderase principalmente á investigación que estean a dirixir e á súa relación coa investigación que realizan os/as solicitantes
- Currículo de cada un dos/as investigadores/as que formulan a solicitude, agas os avaliados pola AEI no período 2016-2022
- Confirmación da asistencia de cada un dos investigadores invitados
- Programa do encontro/visita
- Declaración de todas as axudas solicitadas e/ou concedidas para o mesmo fin e compromiso de solicitude en convocatorias externas de análoga finalidade

NATUREZA E CONTÍA DO FINANCIAMENTO

As subvencións contribuirán exclusivamente ao financiamento da estadia na UDC e do desprazamento dos visitantes de fóra de Galicia, segundo os importes que figuran nos anexos III e IV. O financiamento non poderá exceder do 75% do orzamento. O resto deberá financiarse por medio de recursos procedentes doutros organismos ou entidades, ou recursos propios do grupo ou unidade de investigación. Esta axuda non poderá exceder de 3.000 euros por reunión e 1.000 euros por visitante. As persoas beneficiarias destas axudas teñen a obriga de declarar todas as axudas conseguidas para a mesma finalidade e devolver a parte da axuda da UDC sobrance, no caso de que o importe conxunto de todas as axudas supere o 100% do orzamento presentado.

Non poderán financiarse con esta clase de axudas accións que se solapen coas financiadas mediante a de Organización de Congresos e Xornadas, ou a de Intensificación da Participación en convocatorias internacionais, comprendidas nesta mesma convocatoria.

PROCEDEMENTO PARA O PAGAMENTO

A Vicerreitoría de Investigación e Transferencia transferirá á partida do centro, que se xere para tal efecto, o importe concedido. Esta partida será xestionada pola persoa que solicita a axuda.

AVALIACIÓN E SELECCIÓN

Os criterios de avaliación recollerán as perspectivas de participación futura nos programas da UE e equivalentes que se poidan abrir grazas a esta visita/encontro, así como o informe de avaliación realizado pola AEI sobre o investigador individual, o grupo ou a unidade na convocatoria 2022, última ocasión en que se presentou a avaliación, tendo en conta o aliñamento da acción proposta coas recomendacións do citado informe de avaliación da AEI. En calquera caso, daráselles prioridade a solicitudes colectivas sobre solicitudes individuais.

SEGUIMENTO

Dentro do mes seguinte ao remate da visita/encontro presentarase á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia, a través do Rexistro Electrónico da UDC, unha xustificación da asistencia e dos gastos dos investigadores invitados e mais un informe das actividades realizadas e a súa valoración. De non se presentar o informe xustificativo neste período, entenderase que se renuncia á axuda.

Calquera modificación do período da visita/encontro deberáselle solicitar á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia.

2. ORGANIZACIÓN DE CONGRESOS E XORNADAS DE INVESTIGACIÓN

OBXECTIVOS DA CONVOCATORIA

Estimular a organización de congresos, e xornadas científicas durante o ano 2024 que teñan por sede a propia UDC e que permitan o intercambio de coñecementos entre especialistas españois e estranxeiros, calquera que sexa a súa denominación (congreso, coloquio, simposio, seminario, xornadas etc.) sempre que se cumpra o **requisito imprescindible de presentación e de defensa de traballos científicos orixinais por e entre especialistas de sona internacional, que deberán ser publicados nun libro de actas ou de *proceedings* con ISBN, ou requisito equivalente en caso de formato distinto ao de papel impreso. A selección de traballos debe rexerse por un proceso de avaliación recollido na documentación sobre o congreso. Exclúense os cursos e as xornadas formativas ou que non teñan carácter de investigación.**

Para os efectos desta convocatoria todas as actividades deberán contar cun comité científico e un comité organizador. A súa tipoloxía será asignada definitivamente pola Comisión de Investigación segundo as definidas no Anexo V.

Para a adxudicación destas axudas valorarase a periodicidade dos eventos e a alternancia das sedes, así como a concorrencia a outras convocatorias públicas e o financiamento externo documentado. Non se terán en consideración as actividades que contén con financiamento doutra vicerreitoría. Non serán financiadas nesta acción as actividades que se encadren nos obxectivos das convocatorias de axudas para a organización de cursos, xornadas e cursos de verán financiadas pola UDC.

SOLICITANTES

- Os departamentos, os institutos e os centros da UDC, a través dos seus directores, designando unha persoa investigadora responsable da organización.
- Os grupos de investigación da UDC, a través dos seus coordinadores, designando unha persoa investigadora responsable da organización.

Nesta convocatoria soamente se poderá solicitar unha axuda por grupo, por departamento, por instituto ou por centro solicitante.

FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes acompañaranse da seguinte documentación:

- 1) Programa científico xustificativo da reunión
- 2) Relación de membros do comité organizador e comité científico
- 3) Memoria económica con indicación dos ingresos e dos gastos previstos, así como o importe das cotas de inscrición
- 4) Se for o caso, o documento en que conste o encargo da organización do congreso por parte do organismo, da institución ou da sociedade de carácter nacional ou internacional.
- 5) Copia do procedemento feito público para a selección e avaliación de traballos

Departamentos, institutos ou centros:

- 6) Informe, aprobado polo consello de departamento, consello de instituto ou xunta de centro, en que se acredite o interese do congreso e no que se designe á persoa responsable da actividade.

Grupos de investigación:

- 7) Breve resumo da investigación que está a realizar o grupo, en que se indique o financiamento con que

conta e o interese da actividade, e no que se designe á persoa do grupo que será responsable da actividade.

NATUREZA E CONTÍA

O financiamento para esta finalidade non poderá exceder do 75 % do orzamento aprobado da actividade. O resto deberá financiarse por medio de recursos procedentes doutros organismos ou entidades.

Esta axuda non poderá exceder de:

- 1.500 euros no caso do tipo B2
- 3.000 euros no tipo B1
- 4.000 euros se é do tipo A2
- 6.000 euros no caso do tipo A1

Os beneficiarios destas axudas teñen a obriga de declarar todas as axudas conseguidas para a mesma finalidade e de devolver a parte da axuda da UDC sobrance, no caso de que o importe conxunto de todas as axudas supere o 100 % do orzamento presentado.

Non poderán financiarse con esta clase de axudas accións que solapen coas financiadas mediante a de Visitas e Encontros de Investigadores, ou a de Intensificación da Participación en convocatorias internacionais, comprendidas nesta mesma convocatoria.

PROCEDEMENTO PARA O PAGAMENTO

A Vicerreitoría de Investigación e Transferencia transferirá á partida do centro, que se xere para tal efecto, o importe concedido. Esta partida será xestionada pola persoa que fose designada responsable da acción.

AVALIACIÓN E SELECCIÓN

A Comisión de Investigación avaliará e seleccionará as solicitudes, tendo en conta a duración, o ámbito da actividade e os demais obxectivos da convocatoria.

SEGUIMIENTO

Unha vez publicadas as actas da actividade deberán comunicar o URL da súa publicación ou enviar unha copia dixital á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia a través do Rexistro Electrónico da UDC. A organización fará constar, en toda a información e na documentación da actividade, a colaboración prestada por esta vicerreitoría.

3. INTENSIFICACIÓN DA PARTICIPACIÓN EN CONVOCATORIAS INTERNACIONAIS

OBXECTIVOS DO PROGRAMA

Financiar o desprazamento de investigadores da UDC para participar en accións conducentes á solicitude de proxectos competitivos da UE ou outros organismos internacionais. Entre eles cítase a asistencia aos *info days*, aos *brokerage events* e ás reunións entre parceiros do consorcio dunha proposta para presentar no Programa Horizonte Europa. Financiarán accións que se realizarán dende o 15/02/2023 ata o día seguinte á publicación desta convocatoria.

- As actividades que se realicen deberán ser constatables e contar cun programa de traballo detallado.

SOLICITANTES

Os/as investigadores/as da UDC, de xeito individual ou en grupo ou unidade, que cumpran os seguintes requisitos particulares:

- Que na data de presentación da solicitude, cando menos, un deles estea a realizar ou finalizase nos dous últimos anos naturais un proxecto de investigación, ou de transferencia de tecnoloxía, ou axuda de consolidación subvencionado polas administracións públicas internacionais, nacionais ou autonómicas, a través de convocatorias públicas competitivas.
- Que o/a solicitante se comprometa a redactar e presentar a proposta na próxima convocatoria da acción de que se trate no Programa Horizonte Europa, ou noutra convocatoria dun organismo internacional. O/a solicitante debe comprometerse a presentar, no seu momento, a copia da memoria de solicitude deste co informe favorable do consultor de apoio co que conte a UDC.

FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes acompañaranse da seguinte documentación:

- 1) Breve currículo, centrado nos últimos cinco anos, dos/as investigadores/as principais de cada un dos equipos que participarán na proposta. Atenderase principalmente á investigación que están a dirixir e á súa relación coa investigación que realizan os/as solicitantes.
- 2) Currículo de cada un dos investigadores/as da UDC que formulan a solicitude,
- 3) Programa detallado da actividade concreta para a que solicita axuda.
- 4) Compromiso por escrito da persoa solicitante en relación coa presentación do dito proxecto na seguinte convocatoria e, posteriormente, copia da memoria de solicitude deste, co informe favorable do consultor de apoio con que conte a UDC.

Nesta convocatoria un mesmo investigador/a só poderá participar nunha solicitude e non poderá haber máis de dúas solicitudes que impliquen membros dun mesmo grupo ou unidade.

NATUREZA E CONTÍA DO FINANCIAMENTO

As subvencións contribuirán exclusivamente ao financiamento da estadía e do desprazamento dos membros da UDC, segundo os importes que figuran nos anexos III e IV. O financiamento non poderá exceder do 75 % do orzamento. O resto deberá financiarse por medio de recursos procedentes doutros organismos ou entidades ou recursos propios do grupo ou unidade de investigación. Esta axuda non poderá exceder de 2000 euros por solicitude, se o equipo da UDC é o líder do consorcio e de 1000 euros noutro caso. As persoas beneficiarias destas axudas teñen a obriga de declarar todas as axudas conseguidas para a mesma finalidade e devolver a parte da axuda da UDC sobranste, en caso de que o importe de todas as axudas supere o 100 % do orzamento presentado.

Non poderán financiarse con esta clase de axudas accións que solapen coas financiadas mediante a de Visitas e Encontros de Investigadores, ou a de Organización de Congresos e Xornadas de Investigación, comprendidas nesta mesma convocatoria.

PROCEDEMENTO PARA O PAGAMENTO

A Vicerreitoría de Investigación e Transferencia transferirá á partida do centro, que se xere para tal efecto, o importe concedido. Esta partida será xestionada pola persoa que solicitase a axuda.

AVALIACIÓN E SELECCIÓN

A Comisión de Investigación arbitrará os mecanismos e os medios para avaliar e seleccionar as solicitudes.

Os criterios de avaliación recollerán as accións levadas a cabo pola persoa solicitante para a presentación da proposta. En particular, terase en conta o informe da OTRI sobre as accións levadas a cabo pola persoa solicitante e o informe do consultor de apoio con que conte a UDC sobre o grao de maduración da proposta. Tamén se terá en conta se o equipo da UDC é o líder ou non do consorcio solicitante.

SEGUIMENTO

Dentro do mes seguinte ao remate da acción presentarase á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia, a través do Rexistro Electrónico da UDC, unha xustificación da asistencia e dos gastos das persoas investigadoras e un informe das actividades realizadas e a súa valoración. De non se presentar o informe xustificativo neste período, entenderase que se renuncia á axuda. Ademais, unha vez que remate o prazo da seguinte convocatoria dese tipo de proxectos, o/a solicitante debe remitir unha copia da memoria de solicitude da proposta presentada xunto co informe favorable do consultor de apoio con que conte a UDC. Calquera modificación do período da acción deberáselle solicitar á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia.

4. ESTADÍAS POSDOUTORAIS DE INVESTIGACIÓN

OBXECTIVOS DA CONVOCATORIA

Fomentar que investigadores/as doutores/as do Catálogo da UDC realicen estadias en centros de investigación de fóra de Galicia para realizar traballos colaborativos de investigación, utilizar as técnicas necesarias para o desenvolvemento da súa investigación ou coñecer novas técnicas de traballo ou novas infraestruturas de investigación ou acceder a fondos documentais non dispoñibles por outra vía. Poderán ser obxecto de axuda todas as estadias que se realicen durante o ano 2024.

A duración mínima da estadia subvencionada será de 16 días e a duración máxima será de tres meses.

SOLICITANTES

- O PDI doutor e o persoal contratado posdoutoral de programas de recursos humanos internacionais, estatais ou da Xunta de Galicia. Nestes últimos casos, se o contrato de que se benefician recolle na propia convocatoria a posibilidade dunha dotación adicional para viaxes fóra da Comunidade Autónoma, só poderán beneficiarse da axuda da UDC cando teñan esgotadas as axudas correspondentes ás súas bolsas ou aos seus contratos.
- As persoas con contratos modalidade POP de programas de recursos humanos internacionais, estatais ou da Xunta de Galicia, que xa sexan doutores no período de realización da estadia. Se o contrato de que se benefician recolle na propia convocatoria a posibilidade dunha dotación adicional para viaxes fóra da Comunidade Autónoma, só se poderán beneficiar da axuda da UDC cando teñan esgotadas as posibilidades de axudas das súas bolsas ou dos seus contratos.
- As persoas contratadas como investigadores con cargo aos proxectos, aos convenios e aos contratos vixentes asinados pola UDC, que posúan o título de doutor/a, cando o réxime de compatibilidades do seu contrato o permita e sempre que as datas de realización da estadia están comprendidas na duración do seu contrato.

Non poderán solicitar estas axudas as persoas estranxeiras que teñan unha bolsa que corresponda a un programa de formación de estranxeiros en España e en ningún caso se financiarán estadias en ningún país en que os solicitantes tiveran vinculación contractual ou estudos previos nos últimos cinco anos. Unha mesma persoa non poderá facer máis dunha solicitude nesta convocatoria, de modo que a dita solicitude corresponderá a unha única estadia.

En calquera caso, deberase contar co permiso ou licenza para a realización da estadia.

FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes acompañaranse da seguinte documentación:

I) Todas as persoas solicitantes deberán entregar:

- 1) Documento que acredite a admisión no centro para o que se solicita a estadia. Será necesario que neste documento se faga constar a viabilidade de realizar o traballo proposto. Se este documento está en trámite, deberase acompañar a copia da correspondencia que se mantivo para tal fin.
- 2) Copia da solicitude presentada para as convocatorias de bolsas para estadias, se as houber, das distintas administracións públicas. De non poder concorrer a estas convocatorias, entregarase o documento xustificativo deste extremo.
- 3) Breve memoria coa xustificación do interese que a estadia representa para o traballo de investigación que está a realizar. Debe indicarse a previsión de publicacións conxuntas ou de resultados da colaboración que se prevén como froito da estadia.

II) As persoas contratadas como investigadores/as con cargo a proxectos, convenios ou contratos deberán entregar ademais:

- 4) Acreditación de que posúen o título de doutor

NATUREZA E CONTÍA

Estas axudas comprenden unha parte destinada a sufragar parcialmente os custos de viaxe e outra os de estadía a partir do 17º día, ao entenderse que os primeiros 16 días da estadía poden e deben financiarse coa axuda plurianual do grupo, unidade, ou investigador individual do que dependa o/a solicitante. As persoas con contrato posdoutoral da Xunta (etapa de formación) poderán percibir a bolsa de viaxe e unha axuda de 475€ para a súa instalación no país de destino. **Con carácter xeral, nesta convocatoria soamente se poderá conceder unha axuda de viaxe por solicitante.** Esta axuda é incompatible con calquera outra concedida en convocatorias públicas ou privadas para a mesma finalidade. A aceptación da axuda leva consigo o compromiso de solicitar outras da mesma finalidade se houberse tales convocatorias públicas, e a persoa solicitante comprométese, en caso de concedérselle algunha delas, a reembolsar a axuda concedida por esta universidade.

A persoa solicitante comprométese a se dedicar de maneira exclusiva ao traballo proposto.

Porén, como se trata dunha axuda parcial, pódense complementar os custos da viaxe a cargo de proxectos de investigación en que participe a persoa solicitante ou outros fondos de investigación que estean relacionados directamente con esta acción e que recollan este concepto, sempre e cando o importe das cantidades percibidas, illadamente ou en concorrencia, non superen o custo total da actividade subvencionada.

O importe será establecido pola Comisión de Investigación, en función do lugar de destino de acordo cos anexos III e IV desta convocatoria.

Só se financiará a viaxe e os días de estadía comprendidos entre o décimo sétimo e o último día desta (ou o nonaxésimo, se a estadía é de máis de tres meses). O pagamento realizarase segundo o procedemento establecido.

PROCEDEMENTO PARA O PAGAMENTO

O 70% da axuda farase efectiva á persoa interesada no momento da concesión da axuda. O 30% restante aboarase unha vez remitida á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia, a través do Rexistro Electrónico da UDC, dentro do mes seguinte ao do seu retorno, a seguinte documentación:

- Breve resumo do traballo realizado, coa indicación da previsión de publicacións que se prevén como froito da estadía.
- Copia do certificado expedido no centro receptor en que se especifique o tempo da estadía.
- Dado que os custos dos primeiros dezaseis días de estadía se financiarán con cargo a fondos propios do grupo, unidade ou investigador individual, proxectos ou a outros fondos de investigación, deberase presentar un certificado de gastos coas imputacións ás diferentes partidas orzamentarias e co visto e prace do/a responsable de Asuntos Económicos do centro. De non se complementaren os custos de viaxe, deberase entregar unha declaración neste sentido asinada pola persoa solicitante.

De non se cumpriren estas condicións no prazo establecido, perderase automaticamente o 30%. Se, unha vez transcorrido outro mes, non se cumpre esta condición, considerarase que a persoa solicitante renuncia e deberá reintegrar o importe concedido.

Estas axudas, segundo o art.7 da Lei 26/2014 de 27 de novembro pola que se modifica a Lei 35/2006 de IRPF, están exentas deste imposto.

AVALIACIÓN E SELECCIÓN

A Comisión de Investigación arbitrará os mecanismos e os criterios adicionais, se for o caso, para avaliar e seleccionar as solicitudes presentadas. Terase en conta o último informe de avaliación da AEI do investigador individual, e mesmo do grupo ou unidade de investigación a que pertence, valorando o aliñamento dos obxectivos da estadía coas recomendacións do citado informe de avaliación da AEI.

SEGUIMENTO

Calquera interrupción ou aprazamento do período de aproveitamento da estadía deberá ser autorizado pola Vicerreitoría de Investigación e Transferencia, tras o informe do motivo do cambio, feito pola persoa solicitante e achegando como documentación a autorización do departamento, do centro ou do instituto ou, se for o caso, do director do proxecto de investigación.

5. COMPENSACIÓN DE GASTOS ASOCIADOS Á TRAMITACIÓN DE PATENTES

OBXECTIVOS DA CONVOCATORIA

Promocionar a protección de resultados de investigación, tanto a través de solicitudes de novas patentes nacionais ou no exterior, como a extensión internacional de patentes solicitadas no territorio español, con posibilidades reais de xerar retornos, sempre que a titularidade sexa da UDC e a súa tramitación se faga ao abeiro do Regulamento de propiedade intelectual e propiedade industrial da Universidade da Coruña, aprobado polo Consello Social da UDC o 18 de xullo de 2012 (DOG do 31 de agosto de 2012). Ademais das patentes propiamente ditas son obxecto de subvención calquera outras figuras de protección da propiedade intelectual e industrial das recollidas no devandito regulamento.

CONCEPTOS SUBVENCIONABLES

Estas subvencións destinaranse a cofinanciar os gastos derivados dos trámites que se relacionan a continuación:

- Custos relacionados coas actuacións por parte dun axente da propiedade industrial para a presentación da solicitude (elaboración ou revisión da memoria, reivindicacións etc.).
- Custos relacionados con estudos de patentabilidade.
- Taxas de solicitude de patentes no exterior (novas patentes ou extensión de patentes nacionais) ou en España, de ser o caso.
- Gastos relacionados coa evolución e o seguimento da solicitude de patente (accións oficiais, informes e outros).
- Taxas de mantemento de patentes a nivel internacional.
- Poderase considerar calquera outro gasto relacionado coa protección de resultados.

As actividades obxecto da subvención serán aquelas que xeraron gastos desde o 15 de febreiro de 2023 ata o día seguinte á publicación desta convocatoria.

SOLICITANTES

Admitiranse solicitudes individuais ou en grupo. No caso de que existan varias persoas solicitantes, polo menos unha delas debe estar nas condicións anteriormente citadas. Nese caso deberá especificarse a porcentaxe de autoría de cada unha das solicitantes no produto para patentar ou rexistrar. Indicarase un/unha investigador/a principal, que será o/a responsable da xestión da axuda e que debe cumprir os requisitos fixados neste punto.

FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes acompañaranse da seguinte documentación:

- 1) Acreditación da presentación de solicitude da patente ou rexistro estatal, se se solicita unha extensión xeográfica (a outros estados).
- 2) Memoria descritiva e xustificativa da novidade da invención, no caso de solicitudes novas (non patentadas ou rexistradas previamente).
- 3) Facturas e xustificantes de pagamento relacionados cos gastos incorridos polo/a solicitante
- 4) Manifestación de interese por parte dalgunha empresa/socio para a súa explotación, de ser o caso.

Un/unha investigador/a individual ou un conxunto de investigadores individuais só poderán presentar unha

solicitude. O número máximo de solicitudes non pode ser superior a dúas para un mesmo grupo ou unidade.

NATUREZA E CONTÍA

O financiamento para esta finalidade non poderá exceder do 50 % dos gastos relacionados cos conceptos subvencionables sinalados anteriormente. O importe restante deberá financiarse por medio dos propios recursos do grupo, unidade ou investigadores/as individuais solicitantes. Esta subvención é incompatible con calquera outro financiamento da UDC concedido para a mesma finalidade.

PROCEDEMENTO PARA O PAGAMENTO

A Vicerreitoría de Investigación e Transferencia transferirá o importe concedido á partida do grupo, unidade ou departamento (no caso de investigadores individuais) desde a que se pagou a factura. Esta partida será xestionada pola persoa investigadora designada como IP desta acción.

AVALIACIÓN E SELECCIÓN

A Comisión de Investigación avaliará e seleccionará as solicitudes, tendo en conta a traxectoria dos/as solicitantes, o éxito (retornos) de patentes previas e as expresións de posibles interesados en explotaren os resultados ou a tecnoloxía, nun prazo non superior a dous meses que se contará a partir da data de remate de presentación das solicitudes. A Comisión poderá solicitar un informe técnico á OTRI da UDC. Entre os elementos que se van utilizar neste proceso terase en conta o informe de avaliación da AEI dos/as investigadores/as solicitantes, ben como membros individuais, ben como grupo ou unidade de investigación, tendo en conta o aliñamento dos obxectivos da patente coas recomendacións do citado informe de avaliación da AEI. Tamén se valorará o posible interese da patente por parte dunha empresa para a súa explotación comercial, que deberá acreditarse por escrito.

SEGUIMIENTO

A tramitación da patente ou rexistro farase na UDC coa colaboración dos técnicos da OTRI, que velarán polo cumprimento do Regulamento de propiedade intelectual da UDC.

6. APOIO Á ATRACCIÓN DE TALENTO

OBXECTIVOS DA CONVOCATORIA

Facilitar a incorporación á UDC de novos investigadores posdoutorais procedentes de programas de incorporación de talento de carácter autonómico, nacional ou internacional mediante axudas para financiar os seus traslados de residencia. Poderán ser obxecto de axuda todas as incorporacións que se realicen ou se realizaran no período comprendido entre o 1 de xullo de 2023 ata o 30 de xuño de 2024.

CONCEPTOS SUBVENCIONABLES

Estas subvencións destinaranse a cofinanciar os gastos derivados do desprazamento da persoa beneficiaria ata a cidade da Coruña e a súa instalación (mudanza e o seu aloxamento ata fixar a súa nova residencia permanente), para incorporarse ao seu posto de traballo na UDC.

SOLICITANTES

Poderán solicitar esta axuda o persoal investigador que se incorpore ou se incorporaran á UDC por calquera das seguintes vías de acceso:

- Persoas contratadas do programa Beatriz Galindo.
- Persoas que finalizasen o programa Ramón y Cajal noutras universidades, obtivesen o certificado I3 e se incorporen como profesores á UDC en virtude da taxa de reposición do 15 %
- Outros programas de incorporación de talento investigador posdoutoral autonómicos, nacionais ou internacionais e de carácter periódico

Só poderá solicitarse esta axuda unha vez, por cada investigador/a incorporado/a

FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes acompañaranse da seguinte documentación:

- 1) Copia do acordo de incorporación ou copia do contrato coa UDC
- 2) Declaración doutras axudas solicitadas para a mesma finalidade
- 3) Plan de viaxe

PRAZO DE PRESENTACIÓN

Esta convocatoria permanecerá aberta ata o 28 de xuño do 2024

NATUREZA E CONTÍA

Esta axuda comprende dous conceptos:

- A contía da axuda para gastos de desprazamento do persoal investigador á cidade da Coruña de acordo co Anexo IV desta convocatoria
- Os gastos derivados da instalación ata un máximo de 1.000 € segundo factura xustificativa

Concederase unha axuda para financiar o traslado do/a investigador/a á cidade da Coruña e o establecemento da súa nova residencia segundo as contías indicadas no Anexo IV.

PROCEDEMENTO PARA O PAGAMENTO

A axuda farase efectiva cando o investigador remita á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia a seguinte documentación:

- Certificado de empadramento no seu novo lugar de residencia habitual
- De ser o caso, factura correspondente á gastos de instalación tales coma mudanza ou traslado de avíos

AVALIACIÓN E SELECCIÓN

A Comisión de Investigación valorará as solicitudes tendo en conta a vía de acceso do/da investigador/a ao cadro de persoal da UDC, o seu lugar de procedencia e o seu plan de viaxe.

SEGUIMIENTO

Calquera modificación das datas de incorporación ou do plan de viaxe deberá ser autorizado pola Vicerreitoría de Investigación e Transferencia, tras o informe do motivo do cambio, feito pola persoa solicitante.

ANEXO II

FORMULARIOS DE SOLICITUDE DE CADA UNHA DAS ACCIÓNS

1. VISITAS E ENCONTROS DE INVESTIGADORES

- Compromiso de solicitude doutras axudas para visitas/encontros

2. ORGANIZACIÓN DE CONGRESOS E XORNADAS DE INVESTIGACIÓN

- Compromiso de solicitude doutras axudas para a organización de congresos e xornadas

3. INTENSIFICACIÓN DA PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA EN CONVOCATORIAS INTERNACIONAIS

- Compromisos Horizonte Europa

4. ESTADÍAS POSDOUTORAIS DE INVESTIGACIÓN

- Declaración de estadías
- Informe do/a director/a do traballo de investigación sobre a estadía
- Autorización da estadía polo/a investigador/a responsable do proxecto/contrato/convenio

5. COMPENSACIÓN DE GASTOS OCASIONADOS POLA TRAMITACIÓN DE PATENTES

6. APOIO A ATRACCIÓN DE TALENTO

ANEXO III

CONTÍAS MÁXIMAS PARA AS ESTADÍAS

	Menos dun mes (a partir do día 16.º)	A partir do día 31.º en estadias de 2 meses ou menos	A partir do día 61.º
España, Portugal	70 €/día	35 €/día	26 €/día
América Latina e África	60 €/día	30 €/día	23 €/día
Resto do mundo	80 €/día	40 €/día	35 €/día

ANEXO IV

CONTÍAS MÁXIMAS DOS DESPRAZAMENTOS

Cidades a menos de 600 km ou sen conexión aérea	0,26 €/km
Cidades con conexión aérea directa desde Alvedro ou Lavacolla	250 €
Cidades españolas con conexión non directa	300 €
Resto de Europa	500 €
Resto do mundo	1.300 €

ANEXO V

ORGANIZACIÓN DE CONGRESOS E XORNADAS DE INVESTIGACIÓN

TIPOS DE ACTIVIDADES

Congresos ou xornadas internacionais: enténdense como actividade internacional aquela que conta con membros de ao menos tres nacionalidades no seus comités organizador e científico e como relatores. Dentro desta categoría distinguimos:

- A1. Actividades internacionais organizadas por encargo de organismos, institucións ou sociedades de carácter internacional de recoñecido prestixio no ámbito da investigación.
- A2. Actividades internacionais sen encargo.

Congresos ou xornadas non internacionais:

- B1. Actividades organizadas por encargo de organismos, institucións ou sociedades de carácter nacional de recoñecido prestixio no ámbito da investigación. A criterio da comisión de investigación, poderán ter esta tipoloxía aquelas actividades que, aínda sen cumpriren estas características, teñan unha alta repercusión internacional e unha periodicidade demostrable.
- B2. O resto das actividades.